

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA CONSTITUÍDA PARA A COMPRA, POR CONCURSO PÚBLICO, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CON DESTINO A OFICINA DE EMPREGO

ASISTENTES

Presidente: D. Pablo Viaño Lorenzo,
Subdirector xeral do Patrimonio

Vogais:

Dª María del Carmen Rodríguez Mujico,
asesora xurídica da Consellería de Facenda e
Administración Pública

Dª Ana Rodríguez Martín, interventora
delegada da Consellería de Facenda e
Administración Pública

D. Jesús Sanjurjo Paz, subdirector xeral de
Colocación da Consellería de Emprego e
Igualdade

Secretaría: Dª Claudia Vázquez Almendáriz,
xefa da Sección de Bens Demaniais no
Servizo de Administración e Xestión
Patrimonial

En Santiago de Compostela, a 14 de decembro de 2022, sendo as 10:00 horas, reúnense na sala de Xuntas do edificio administrativo de San Caetano, a mesa de contratación composta polos membros que á marxe se relacionan, para exame de documentación relativa á oferta económica do procedemento de compra, por concurso, dun inmovible no concello de Monforte de Lemos con destino a oficina de Emprego.



Ás 10:00 horas o Presidente abre a sesión que foi convocada coa seguinte orde do día:

1. Análise do informe técnico do Servizo de Investigación e Obras
2. Proposta de adxudicación.

1. A continuación o Presidente somete á consideración dos presentes as aclaracións contidas no informe técnico do Servizo de Investigación Patrimonial e Obras con respecto ás consideracións realizadas na mesa anterior:

PROMOCIONES TAIZ-FONTECHA, S. L.	De acordo coa documentación achegada, o ben inmovible ofertado non se encontra correctamente inscrito no Rexistro da Propiedade, onde constan 713,28 m ² fronte aos 572 m ² ofertados.
J. Diti, S. L.	A escritura pública achegada non contempla a declaración de obra nova terminada da parte do inmovible correspondente a unha das rúas, aínda que o feito si aparece reflexado na documentación do Rexistro da Propiedade. Polo tanto, sería preciso comprobar que a parte correspondente á rúa Real, 5-7, tamén se encontra terminada.
D. José María Ferreiro Domínguez e outros	A cualificación como VPO non afecta ao local comercial senón unicamente ás vivendas, por non tratarse dunha edificación de promoción pública. Non obstante, o ben inmovible ofertado non se encontra correctamente inscrito no Rexistro da Propiedade, existindo unha discrepancia entre os 466,2 m ² rexistrados e os 618 m ² ofertados.
Dña. Inmaculada Concepción González Acero e outros	A cualificación como VPO non afecta aos locais comerciais obxecto da oferta, senón unicamente ás vivendas, por non tratarse dunha edificación de promoción pública. Compróbase que a totalidade dos propietarios aportaron o seu título. Os estatutos das respectivas comunidades de propietarios (art. 9) permiten efectuar a unión de ambos locais sen autorización previa.

2. Examinado o informe técnico do Servizo de Investigación e Obras, compróbase que a oferta que acadou máis puntos foi a número 4, presentada por D^a Inmaculada Gómez Acero e outros.

3. A mesa acorda, en vista do anterior:

- a. Propoñer a adxudicación a favor da oferta número 4, presentada por D^a Inmaculada Gómez Acero e outros.
- b. Tendo en conta a documentación que falta no resto de ofertas presentadas, non efectuar o seu requirimento por razóns de economía procedimental, xa que dende o punto de vista técnico non alcanzan a puntuación necesaria para outorgarlles a adxudicación. Non obstante, e no caso de non resultar posible efectuar a adxudicación á oferta sinalada anteriormente, esta documentación será requirida aos tres ofertantes.

Non tendo máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto ás 10:41 horas, levantándose a presente acta no lugar e data indicados.



O presidente
Pablo Viaño Lorenzo

A secretaria
Claudia Vázquez Almendáriz

A asesora xurídica
María del Carmen Rodríguez Mujico

A interventora delegada
Ana Rodríguez Martín

O subdirector xeral de Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade
Jesús Sanjurjo Paz

